

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O
CONCELLO DE PONTEAREAS E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. PARA A
CELEBRACIÓN DA FESTA DO CORPUS CHRISTI 2026**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o concello para o apoio á celebración da festa do Corpus Christi 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.



Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O Concello de Ponteareas ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da festa do Corpus Christi 2026.

Cuarto.- Esta festa é unha das celebracións máis destacadas de toda a comarca polo que Ponteareas é coñecida como a Vila do Corpus. As súas alfombras de flores son as máis importantes de Galicia e gozan de prestixio fóra da comunidade, sendo Ponteareas un referente internacional na arte de confección de alfombras florais e a súa tradición é unha das máis antigas do mundo.

Esta tradición que ten máis de 150 anos de antigüidade, perdura gracias ó tesón dos veciños, data da segunda metade do século XIX, sendo moi probablemente unha combinación dunha influencia foránea coa tradición dos Maios existente en Galicia e norte de Portugal. A maioría dos deseños son debuxos xeométricos e en todos os casos sorprenden pola súa magnitude e cor. O significado das alfombras é profundamente relixioso.

A festa do Corpus Christi, malia á súa longa traxectoria, segue conservando as súas características máis orixinais: un traballo colectivo de numerosos veciños e veciñas, de todas as idades e condicións, a transmisión dunha sabedoría e unha destreza



secular, a creatividade dos deseños, ... elementos que converten a esta festa do Corpus Christi de Ponteareas nunha expresión inconfundible da cultura popular de Galicia.

O seu carácter efémero, a súa condición de monumento inmaterial, a súa expresión da capacidade artística das e dos "artesáns" que elaboran estas alfombras, cunha alta capacidade de creación estética, contribúen a incrementar o seu valor de referente colectivo. Ademais, estamos ante unha celebración cuxa transmisión foi asumida pola propia comunidade local, promovendo unha alta capacidade de interrelacións persoais e coa contorna que promoven a cohesión social e transmite valores e actitudes.

A tradición de crear estas artísticas alfombras de flores naturais creadas para a procesión do Santísimo Sacramento, deu lugar a que a Festa do Corpus Christi fose declarada de Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2009.

Os días con maior programación da celebración da festa do CORPUS CHRISTI 2026 serán:

- O sábado 6 de xuño cando se inicia o traballo de confección das alfombras. O proceso que se inicia co pintado das plantillas sobre o asfalto prolóngase toda a noite coa participación activa da veciñanza.
- Domingo 7 de xuño día de Corpus. Pola mañá, as alfombras locen todo o seu esplendor e son admiradas por milleiros de visitantes que se achegan ata Ponteareas. Pola tarde recorren as rúas as tradicionais carrozas de Corpus e se celebran distintas actividades para gozar en familia.
- Luns 8 de xuño realízanse distintos actos protocolarios como a homenaxe ás persoas alfombristas falecidas e a entrega de medallas. Ademais están programadas actividades pensadas para todos os públicos.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervinientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.



Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Ponteareas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

